



## Resolución do 9 de febreiro de 2024, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se abre prazo para solicitar a realización de xornada complementaria no ámbito da enfermaría hospitalaria

En base á apartado VI da Orde do 29 de xuño de 2023, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta, polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con base no Acordo da Mesa sectorial do 20 de abril de 2023 (DOG nº 124, do 30 de xuño), actualízanse as contías que terán efectos o 1 de xullo de 2023 e 1 de xaneiro de 2024, que se recollen a continuación, para o persoal enfermeiro/a e enfermeiro/a especialista que realice xornada complementaria:

RETRIBUCIÓN S ACTUALIZADAS ACORDO 20/04/2023							
Quenda mañá-tarde (7 horas)				Quenda de noite (10 horas)			
Laborable		Festivo*		Laborable		Noite de sábado e pre-festiva*	
01/07/2023	01/01/2024	01/07/2023	01/01/2024	01/07/2023	01/01/2024	01/07/2023	01/01/2024
150,22	155,89	227,15	252,63	260,90	270,70	291,53	308,31

Así mesmo, ante a indispoñibilidade de profesionais nas listaxes de chamamentos temporais, retribuirase unha contía adicional de complemento de produtividade variable de 1.365€, polo compromiso e realización de, polo menos, 105 horas de xornada complementaria durante o período de duración do programa, do 1 de febreiro de 2024 ata o 31 de xaneiro de 2025, para dar cobertura ás necesidades asistenciais.

Con base no anterior, e no uso das atribucións conferidas polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia e na Orde do 22 de abril de 2020, de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde,

### RESOLVO:

**Primeiro:** Realizar oferta de voluntariedade para que o persoal enfermeiro/a e enfermeiro/a especialista hospitalario/a poida manifestar a súa voluntariedade para a realización de xornada complementaria nos centros hospitalarios da Área Sanitaria da Coruña e Cee.



Non será preciso que o persoal que xa teña presentado con carácter previo, nas ofertas realizadas no ano 2023, a súa opción de voluntariedade, volva manifestar a mesma.

Do mesmo xeito, permítese que o persoal que nas ofertas do ano 2023 teña manifestado a súa voluntariedade e desexe renunciar á mesma, poida facelo.

**Segundo:** A inscrición ou renuncia realizarase mediante a cumprimentación dos formularios que se habilitarán na páxina web do Espazo do Profesional, os cales deberán ser cumprimentados telematicamente, polas persoas interesadas na participación no programa especial de voluntariedade para a realización de xornada complementaria, ou na súa renuncia ao mesmo.

O prazo de inscrición será de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web do Espazo do Profesional.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar dende o seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web do Espazo do Profesional, de conformidade co disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado dititalmente na Coruña,

Luis Verde Remeseiro

Xerente

